



D.^a VIRGINIA FRAGA DIAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a Alcaldía, con data de 05 de xuño de 2020, ditou a **RESOLUCIÓN** (núm. 480/2020), corrixida por Resolución da mesma data (núm. 482/2020), que se transcribe a continuación:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: Adxudicación da concesión do uso privativo de espazos de traballo no ETC de Solláns

EXPEDIENTES: 2020/G003/000493 e 2020/G003/000495

Considerando que, mediante Decreto da alcaldía de 2 de xullo de 2019 (res 520/2019), acordouse aprobar o proxecto e o prego de condicións da concesión dos espazos de traballo colaborativos do ETC de Solláns e sometelos a exposición pública, e aprobar o expediente de concesión, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.

Considerando que con data de 4 de xullo de 2019 publicouse no taboleiro de edictos o anuncio correspondente de exposición pública e apertura do procedemento para a concesión de espazos de traballo no ETC de Solláns, publicándose na web municipal o 4, 5 e 11 de xullo de 2019, na sede electrónica o 5 de xullo de 2019 e no BOP o 9 de xullo de 2019 (nº 128), publicándose un anuncio de corrección no taboleiro de edictos (18/07/2019), na web e no BOP (23/07/2019) e na sede electrónica (26/07/2019).

Considerando que, rematado o prazo habilitado ao efecto, presentáronse un total de 5 solicitudes:

Nº rexistro	Data	Nome e apelidos
4.930	31/07/2019	Oscar Villan Seoane
5.106	12/08/2019	Iván Piñeiro Iglesias
5.121	13/08/2019	José Luis Iglesias Allones



5.137	14/08/2019	Marta Rodríguez Buela
6.443	17/09/2019	Nina Castro Domínguez (<i>fora de prazo</i>)

Con data de 31 de outubro de 2019 realizouse a apertura do sobre A, de documentación administrativa, e con data de 18 de decembro de 2019 realizouse a comprobación dos proxectos empresariais e formuláronse os requirimentos de subsanación, comprobándose, con data de 10 de febreiro de 2020, a documentación aportada polas persoas interesadas a efectos de subsanación.

Considerando que, agás no caso de D.^a Nina Castro Domínguez, foron atendidos debidamente polas persoas interesadas os requirimentos de subsanación de documentación, procedéndose, con data de 10 de febreiro, a excluír do procedemento de adjudicación a D.^a Nina Castro Domínguez, e a efectuar a proposta inicial de adjudicación de espazos de traballo no ETC de Solláns ás persoas que se detallan a continuación, que deberían proceder ao aboamento das tarifas correspondentes.

APELIDOS E NOME	DATA E Nº DE REXISTRO DE ENTRADA	ESPAZO DE TRABALLO
Villán Seoane, Óscar	31/07/19 (nº 4.930)	Período de tres meses en xornada parcial (6 horas/día)
Piñeiro Iglesias, Iván	12/08/19 (nº 5.106)	Período de seis meses en xornada estendida (12 horas/día)
Iglesias Allones, José Luis	13/08/19 (nº 5.121)	Período de seis meses en xornada parcial (6 horas/día)
Rodríguez Buela, Marta	14/08/19 (nº 5.137)	Período de doce meses en xornada parcial (6 horas/día)

Considerando que, tal e como consta no expediente, a citada proposta foi publicada na páxina web do concello e no taboleiro de edictos con data de 10 de febreiro de 2020.

Considerando que, transcorrido o prazo habilitado ao efecto, procederon o aboamento das tarifas correspondentes todas as persoas relacionadas.

Considerando que, con data de 28 de febreiro de 2020, considerouse definitiva a proposta inicial de adjudicación de espazos de traballo no ETC de Solláns, de 10 de



febreiro de 2020, quedando propostas definitivamente como adxudicatarias de espazos de traballo ás persoas incluídas na proposta inicial anteriormente citada, que se concretan en todos os/as solicitantes, agás D.^a Nina Castro Domínguez.

Considerando que a citada proposta foi obxecto de publicación no taboleiro de edictos do concello, na web municipal e na sede electrónica con data de 28 de febreiro de 2020.

Vista a proposta de asignación concreta de espazos de traballo do Axente de emprego e desenvolvemento local do concello, de 13 de marzo de 2020.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Excluir do procedemento de concesión de espazos de traballo da ETC de Solláns a a D.^a Nina Castro Domínguez, ao non atender ao requirimento de subsanación de documentación remitido con data de 26 de decembro de 2019 (rex. saída nº 3170), recibido pola interesada o 30 de decembro de 2019.

Segundo.- Adxudicar a concesión do uso privativo dos espazos de traballo no ETC de Solláns ás persoas e polos períodos que se detallan a continuación, con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da alcaldía de 2 de xullo de 2019 (res. 520/2019), ao Regulamento do espazo de traballo colaborativo (ETC) Solláns e demais normativa aplicable.

APELIDOS E NOME	DATA E Nº DE REXISTRO DE ENTRADA	PERÍODO SOLICITADO	POSTO ASIGNADO
Villán Seoane, Óscar	31/07/19 (nº 4.930)	Período de tres meses en xornada parcial (6 horas/día)	12
Piñeiro Iglesias, Iván	12/08/19 (nº 5.106)	Período de seis meses en xornada estendida (12 horas/día)	15



APELIDOS E NOME	DATA E Nº DE REXISTRO DE ENTRADA	PERÍODO SOLICITADO	POSTO ASIGNADO
Iglesias Allones, José Luis	13/08/19 (nº 5.121)	Período de seis meses en xornada parcial (6 horas/día)	17
Rodríguez Buela, Marta	14/08/19 (nº 5.137)	Período de doce meses en xornada parcial (6 horas/día)	20

Terceiro.- Requirit ás persoas adxudicatarias para que, dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación do presente, acrediten a constitución da garantía definitiva equivalente ao 3% do valor de dominio público obxecto de ocupación, que poderá constituírse en calquera das formas previstas no artigo 108 da LCSP. A estes efectos tendo en conta que, segundo o informe técnico incorporado ao expediente, o valor do aluguer da edificación ascende a 239,85 €/mes e que existen 20 espazos de traballo, o o importe da garantía definitiva, por cada espazo adxudicado, ascende a 4,32 €.

Dita acreditación deberá efectuarse mediante a presentación, no rexistro xeral do concello, do documento acreditativo de constitución da garantía definitiva.

Cuarto.- Notificar o presente ás persoas interesadas, con sinalamento dos recursos procedentes, advertíndolle ás persoas adxudicatarias que o incumprimento do requisito previsto na parágrafo anterior, por causas que lle sexan imputables, impedirá a formalización do correspondente contrato administrativo.

E para que así conste, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do sr. alcalde, en Teo, na data da sinatura dixital da presente.

Vº e Praxe
O alcalde

A secretaria xeral

Rafael Carlos Sisto Edreira

Virginia Fraga Diaz